



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 48 60 00 - Fax: 988 49 07 05

E-mail: concello@concelloavion.org

ORDENANZA REGULADORA DAS FIANZAS POR OBRAS E ACTUACIÓN EN VÍAS PÚBLICAS

Artigo 1. Concepto

1. Tendo en conta que a apertura de calicatas ou zanzas en terreos de uso público, a remoción do pavimento en estradas, camiños e demais vías públicas locais, o levantamento ou rotura de beirarrúas, os actos de demolición, a instalación de andamiaxes, a colocación de contenedores para escombros de obras, o depósito de materiais de construción, a instalación de grúas e demais actuacións nas vías e espazos públicos como consecuencia da actuación construtora ou instaladora e/ou de reparación, entre outros, de cañerías, tubaxes, conducións, etc., por parte de terceiros a meirande parte das veces, pola súa natureza, non son actos suxeitos a Licenza urbanística pero producen un risco de deterioro ou menoscabo nos bens públicos afectados pola mesma, é polo que se establece a presente Ordenanza reguladora das fianzas por obras e actuacións en vías públicas.

2. A presente Ordenanza non ten a consideración de ordenanza fiscal por canto non regula a imposición de ningún tributo senón a constitución dunha garantía de que o ben público afectado quede finalmente repostado ao estado no que se atopaba con anterioridade á actuación do terceiro, en cuxo caso, segundo o previsto no Artigo 7º. da presente Ordenanza, procederá a devolución da fianza, polo que, en sí, non constitúe ningún ingreso para o Concello de Avión, nin sequera no suposto da súa incautación nos casos nos que proceda, ao tratase de unha indemnización pola reconstrución dos bens afectados ou un reintegro polos danos irreparables causados nos mesmos. Todo elo segundo o previsto nos artigos seguintes.

Artigo 2. Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible da presente Ordenanza a realización de calquera das seguintes actuacións en bens de dominio público, con independencia de que estean ou non suxeitas a Licenza municipal:

- a) A apertura de calicatas, zanzas e similares en terreo de uso público así como calquera remoción ou cruce do pavimento de estradas, camiños e demais vías públicas e/ou de beirarrúas.
- b) A instalación de andamiaxes ou outros soportes anclados ao solo.
- c) A colocación de contenedores para escombros e/ou residuos de obras.
- d) O depósito de materiais para construción que non sexan escombros.
- e) A instalación de grúas.
- f) Os actos de demolición de inmobles.
- g) Actuacións puntuais en espazos públicos susceptibles de ser deteriorados ou sufrir calquera menoscabo na súa situación de conservación e mantemento.

Artigo 3. Suxeitos Pasivos

1. Serán suxeitos pasivos das fianzas reguladas na presente Ordenanza as persoas ou entidades que disfruten ou se aproveiten especialmente do dominio público en beneficio particular.

2. Terán a consideración de substitutos do suxeito pasivo os promotores e os construtores das actuacións obxecto de fianza.

Artigo 4. Devengo

1. A obriga de constitución de fianza nace dende o momento da comunicación ao Concello de Avión de que se van a realizar as obras ou actuacións suxeitas á mesma.

2. A constitución da fianza efectuarase no momento da dita comunicación e se realizará mediante autoliquidación.



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 48 60 00 - Fax: 988 49 07 05

E-mail: concello@concelloavion.org

3. A presentación da autoliquidación non eximirá ao Concello das súas facultades de inspección e control, podendo, no caso de detectarse que o declarado é inferior ao que realmente se pretende executar, practicar liquidación complementaria aos efectos de ampliar a fianza constituída.

4. Cando se trate de obras que deban ser executadas inmediatamente polos graves prexuízos que a demora puidera producir, como pode ser no caso de fuga de gas, fusión de cables, rotura de tubaxes con perda de auga, etc., poderán iniciarse as obras sen haber constituído a fianza, coa obriga de facelo no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ao comezo das obras, debendo xustificar a urxencia que motivou esta situación.

Artigo 5. Contía das fianzas

O importe da fianza fixarase tomando como referencia a superficie de pavimento, calzada, beirarrúa ou ben de uso público que vaia a ser removido, levantado ou afectado de calquera xeito, para a realización do aproveitamento en cuestión, así como polas cantidades a tanto alzado previstas para determinadas actuacións. Todo elo de conformidade cos seguintes conceptos:

1. Apertura de calicatas, zanzas e similares ou remoción en beirarrúas:
 - 1.1. De ancho inferior a 1 metro:
 - 1.1.1. En beirarrúas de pedra: 150,00 €. o metro lineal, ou fracción.
 - 1.1.2. En beirarrúas con acabado distinto á pedra: 75,00 €. o metro lineal, ou fracción.
 - 1.2. De ancho superior a 1 metro:
 - 1.2.1. En beirarrúas de pedra: 200,00 €. o metro lineal, ou fracción.
 - 1.2.2. En beirarrúas con acabado distinto á pedra: 100,00 €. o metro lineal, ou fracción.
2. Apertura de calicatas, zanzas e similares ou remoción ou cruce de estradas, camiños e demais vías públicas:
 - 2.1. De ancho inferior a 1 metro: 100,00 €. o metro lineal, ou fracción.
 - 2.2. De ancho superior a 1 metro: 150,00 €. o metro lineal, ou fracción.
3. Instalación de andamiaxes ou outros soportes anclados ao solo: 120,00 €. como cantidade a tanto alzado.
4. Colocación de contenedores para escombros e/ou residuos de obras: 150,00 €. como cantidade a tanto alzado.
5. Depósito de materiais para construción que non sexan escombros: 100,00 €. como cantidade a tanto alzado.
6. Instalación de grúa: 500,00 €. como cantidade a tanto alzado.

Artigo 6. Condicións especiais das fianzas

1. Sempre que as obras polas que se constitúe fianza afecten ao paso de persoas ou vehículos o suxeito pasivo, ou o seu substituto segundo o establecido no Artigo 3º. da presente Ordenanza, deberá proceder á sinalización correspondente de perigo nas estradas, beirarrúas e vías ou espazos públicos afectados, debendo, a maiores, adoptar as medidas necesarias para garantir a seguridade dos seus transeúntes e/ou usuarios, respondendo persoalmente dos danos que a súa conduta puidera ocasionar tanto ás persoas como aos seus bens polo incumprimento ou cumprimento defectuoso das presentes condicións.

2. No peche de calicatas, zanzas e similares abertas en terreo de uso público así como de calquera remoción ou cruce do pavimento de estradas, camiños e demais vías públicas e/ou de beirarrúas deberá procederse á compactación do terreo, construción de soleira armada de 20 cms. de espesor e reposición do pavimento correspondente co mesmo material que tiña antes da intervención. No caso de estradas e outras vías públicas o pavimento a repor deberá ter un espesor mínimo de 10 centímetros.



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 48 60 00 - Fax: 988 49 07 05

E-mail: concello@concelloavion.org

Artigo 7. Devolución das fianzas

1. A devolución da fianza deberá ser solicitada polo suxeito pasivo, ou o seu substituto, unha vez rematados os actos que deron lugar á súa constitución.

2. Para a devolución da fianza se require o cumprimento da obriga garantida coa mesma. A tales efectos, o Concello comprobará que se repuxeron correctamente todos os servizos, mobiliario urbano, pavimentos e, en definitiva, os bens afectados, ao seu estado anterior á actuación obxecto de fianza, así como que se cumpriron as Condicións especiais establecidas no Artigo 6º. da presente Ordenanza.

3. Informada favorablemente, a devolución da fianza farase efectiva transcorrido o prazo de garantía de 1 mes dende a emisión dese informe municipal.

4. De non ser conforme o informe municipal sobre a reposición dos bens afectados reterase a fianza ata que se corrixa as deficiencias que se sinalen no mesmo. De non facelo no prazo que se estableza procederá a súa incautación definitiva. Igualmente procederá a incautación no suposto de causar danos ás persoas e/ou seus bens polo incumprimento ou cumprimento defectuoso da Condición 1ª. das especiais do Artigo 6º. da presente Ordenanza.

5. No caso de que efectuada a reposición do ben afectado polo suxeito pasivo o Concello estimase, previas as comprobacións pertinentes, que esta non se realizou de acordo coas exixencias técnicas correspondentes, poderá requirirille para que proceda á subsanación das deficiencias detectadas e, de non facelo no prazo que se lle indique, o Concello poderá proceder á reparación, demolición, nova construción ou as actuacións que procedan para a reposición do ben afectado ao estado no que se atopaba no momento anterior ás actuacións do suxeito pasivo, aplicando a estas actuacións o importe da fianza e, no seu caso, liquidándolle a este os gastos a maiores que se houberan producido como consecuencia da súa actuación.

6. Se os danos ocasionados aos bens públicos afectados fosen irreparables, o Concello será indemnizado polo suxeito pasivo en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danados, aplicando, como entrega a conta desta indemnización, a fianza depositada.

7. No caso de demolición de inmobles, se a execución do derribo supuxo o traslado provisional de servizos aéreos existentes, tales como de telefonía, alumeadado público, electricidade, etc., a súa adecuada reposición implicará a ubicación de postes e cableados polo interior do solar ou parcela desocupada polo derrubamento, agás que haxa sido obxecto de solicitude de licenza de edificación, en cuxo caso se estará ao disposto nela.

Disposición Final

A presente Ordenanza entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* e permanecerá en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

Publicación

O texto íntegro da presente Ordenanza foi publicado no «*Boletín Oficial da Provincia de Ourense*» núm. 289, do 19 de decembro de 2018.